

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

12101 *Real decreto 969/2014, do 21 de novembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores, a extensión das normas, as relacións contractuais e a comunicación de información no sector do tabaco cru.*

O sector do tabaco cru ou en rama conta cun tecido organizativo que contribuíu, en gran maneira, a unha mellor adaptación da oferta á demanda de tabaco cru, en cantidade e calidade e a unha adecuada remuneración pola folla de tabaco, así como a eludir o comercio ilícito.

As distintas axudas comunitarias que houbo neste sector foron, en gran medida, o vector para o establecemento deste alto nivel de integración. No entanto, as sucesivas reformas da política agrícola común (PAC) perseguiron, especialmente no caso deste sector, a súa maior orientación ao mercado a través dun descenso paulatino do nivel de apoio comunitario. Así, a partir de 2015 desaparece a posibilidade de conceder unha axuda asociada ao cultivo de tabaco no marco do sistema de pagamentos directos do primeiro pilar da PAC.

Esta nova situación fai conveniente, máis que nunca, apoiar o mantemento e a mellora da ordenación sectorial alcanzada mediante a aplicación a este sector das disposicións relativas a organizacións de produtores e as súas asociacións, recollidas no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

Atendendo ao citado regulamento, establécense neste real decreto o recoñecemento e as finalidades das organizacións de produtores de tabaco e as súas asociacións, que se recollen nunha disposición transitoria para dar a posibilidade ás agrupacións de produtores de tabaco existentes en 2014, en virtude da normativa nacional, de seren recoñecidas como organizacións de produtores segundo a nova normativa.

Tamén se regula mediante este real decreto a posibilidade de que unha organización ou asociación de organizacións de produtores de tabaco que cumpra uns requisitos mínimos de representatividade poida facer extensivo a outros operadores un determinado acordo, decisión ou práctica concertada, dentro da circunscrición ou circunscricións económicas en que opera. Para isto establécese un procedemento de definición de tales circunscricións, ben como de extensión de normas.

Outro dos aspectos chave que contribuíron á organización do sector é o feito de que, para a percepción das distintas axudas vixentes en cada momento, foi preceptiva a celebración de contratos escritos para a entrega do tabaco entre as fases de produción e de primeira transformación. A contratación proporcionou estabilidade e garantía para a saída comercial da produción de tabaco cru e contribuíu á mellora cualitativa da folla de tabaco, debido á exixencia duns requisitos mínimos e á remuneración do tabaco en función do grao cualitativo.

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, dá a opción aos Estados membros de faceren que todas as entregas no seu territorio dun determinado produto agrario dos que regula sexan obxecto dun contrato por escrito.

Tendo en conta todo o anterior, recóllese neste real decreto a obrigatoriedade de que as transaccións de tabaco cru no noso país entre as fases de produción e primeira transformación se realicen a través de contratos por escrito entre as partes, para o que se

establece o contido mínimo destes contratos. Ademais, os contratos deberán comunicarse ás autoridades competentes para estas poderen levar a cabo un seguimento do sector.

En relación con isto último, este real decreto inclúe un capítulo sobre comunicación de información ás autoridades competentes, que debe ser trasladada á Comisión Europea en virtude do Regulamento (CE) n.º 2095/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 2075/92 do Consello, no que se refire á comunicación de información sobre o tabaco. Para a obtención dos datos, será fundamental a colaboración das empresas de primeira transformación, a través da subministración aos órganos competentes autonómicos da información sobre entregas, prezos e existencias de tabaco cru.

Por outro lado, tendo en conta que as disposicións relativas ás organizacións de produtores e ás súas asociacións se recollen no presente real decreto e que xa non está vixente ningunha disposición das reguladas pola antiga organización común de mercados do tabaco, na cal o sistema de axudas estaba ligado a limiares de garantía e cotas de transformación e a prima se liquidaba a través das empresas de primeira transformación, procede derogar o Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do sector do tabaco cru.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de novembro de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións preliminares

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable no sector do tabaco cru no que respecta:

- a) Ao recoñecemento de organizacións de produtores e das súas asociacións.
- b) Á extensión das normas a todos os operadores do sector do tabaco cru que operen dentro das circunscricións económicas que para cada caso se determinen.
- c) Ás relacións contractuais entre as fases de produción primaria e de primeira transformación.
- d) A notificación de información, conforme o Regulamento (CE) N.º 2095/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) N.º 2075/92 do Consello, no que se refire á comunicación de información sobre tabaco.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as seguintes definicións:

- a) Tabaco cru ou en rama: aquel sen elaborar, e os seus desperdicios, do código NC 2401 do anexo I do Regulamento (CEE) N.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel aduaneiro común.
- b) Produtor de tabaco cru: calquera persoa física ou xurídica que cultive tabaco cru e que despois da curación o entregue, no marco dun contrato de cultivo, para a súa primeira transformación.

c) Primeira transformación de tabaco cru: o conxunto de operacións que se realizan sobre a folia de tabaco curado previamente á súa entrega á industria manufactureira para a súa inclusión nos elaborados de tabaco.

d) Entrega de tabaco cru: a cesión do tabaco cru a un terceiro por parte dun produtor en virtude dun contrato de cultivo, con destino á súa primeira transformación en instalacións habilitadas para o efecto.

e) Grupos de variedades de tabaco cru: os recollidos no anexo I deste real decreto.

CAPÍTULO II

Organizacións de produtores de tabaco cru e as súas asociacións

Artigo 3. *Finalidades e requisitos das organizacións de produtores.*

1. Serán recoñecidas como organizacións de produtores do sector do tabaco cru todas aquelas entidades con personalidade xurídica propia, ou unha parte claramente definida dunha entidade xurídica, que o soliciten e reúnan os requisitos establecidos no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, e no presente real decreto.

2. As organizacións de produtores estarán constituídas por iniciativa dos seus membros e deberán ter como finalidades, ao menos, as seguintes:

a) Concentrar a oferta e a comercialización dos produtos dos seus membros, incluíndo a comercialización directa.

b) Garantir que a produción se planifique e se axuste conforme a demanda, sobre todo no referente á calidade e á cantidade. Para isto establecerán normas comúns de notificación da produción, produción e comercialización, en particular, no que respecta á calidade do tabaco e á utilización de prácticas sustentables de cultivo e curación.

Alén destas, as organizacións poderán perseguir unha ou varias das finalidades recollidas na alínea c) do número 1 do artigo 152 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

3. As organizacións de produtores de tabaco non poderán exercer a actividade de primeira transformación.

4. As organizacións deberán agrupar unha cantidade mínima de produción comercializable de 400 toneladas de tabaco cru, correspondentes a unha superficie mínima de cultivo de 100 hectáreas e un número mínimo de 75 produtores. Non obstante o anterior, nas rexións de produción illada de Castilla y León, Navarra e País Vasco, a cantidade mínima comercializable será de 35 toneladas de tabaco, correspondentes a unha superficie mínima de cultivo de 14 hectáreas e un número mínimo de 5 produtores.

Artigo 4. *Recoñecemento de organizacións de produtores.*

1. O recoñecemento das organizacións de produtores corresponderá:

a) Ao órgano competente da comunidade autónoma, cando o ámbito xeográfico da entidade non supere o dunha comunidade autónoma. Non obstante, cando o ámbito xeográfico da entidade supere o dunha comunidade autónoma e, ao menos, o 90 % da superficie de cultivo dos membros da entidade estea situada nela, o recoñecemento corresponderá igualmente ao órgano competente desa comunidade autónoma.

b) Ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, nos demais casos.

2. As solicitudes de recoñecemento, acompañadas ao menos da documentación que se indica no anexo II, presentaranse nos lugares que determinen as comunidades autónomas, cando corresponda a estas a súa resolución, ou no rexistro do Ministerio de

Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ante a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, cando este sexa o órgano competente para resolver. En todo caso poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No modelo de solicitude consignaranse as correspondentes advertencias respecto dos datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, cando sexa competente a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, admitirase a presentación electrónica das solicitudes a través da sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. O órgano competente:

a) Ditará resolución motivada concedendo ou denegando o recoñecemento, no prazo máximo de catro meses a partir da data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Cando o órgano competente for a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, poderá interperse contra a resolución correspondente recurso de alzada perante o secretario xeral de Agricultura e Alimentación, no prazo máximo dun mes desde a súa notificación ou publicación.

b) Realizará, de acordo cun plan de control anual, controis para comprobar o cumprimento por parte das organizacións de produtores das disposicións do presente real decreto, sen prexuízo da solicitude de cooperación interadministrativa con outras administracións cando isto for necesario.

c) No caso de que dependa dunha comunidade autónoma, informará por medios electrónicos o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, de toda decisión relativa á concesión, denegación ou retirada do recoñecemento a unha organización, no prazo máximo dun mes desde a data do acto administrativo correspondente. A información que se debe remitir detállase no anexo III. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente informará, pola súa vez, a Comisión Europea, en cumprimento do artigo 154 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

4. As organizacións de produtores recoñecidas deberán notificar ao órgano competente calquera modificación que teña lugar nelas e que afecte as condicións en que foi recoñecida.

Artigo 5. *Retirada do recoñecemento.*

1. O órgano competente que ditase a resolución de recoñecemento dunha organización de produtores declarará extinguido este recoñecemento, despois do correspondente procedemento, nos seguintes casos:

a) Cando a propia entidade así o solicite, sen prexuízo do cumprimento das obrigacións e compromisos derivados da súa condición de organización de produtores e das responsabilidades que poidan derivarse como consecuencia das actuacións levadas a cabo durante o período en que a entidade desfrutou do recoñecemento.

b) Cando deixen de cumprirse os requisitos para o recoñecemento.

c) Cando se detecten irregularidades na aplicación das medidas determinadas no capítulo III do presente real decreto.

2. Non obstante, en caso de incumprimento dos requisitos correspondentes á produción mínima comercializable, á superficie mínima de cultivo e ao número mínimo de produtores, a organización disporá dun período dun ano para reparar tal incumprimento,

transcorrido o cal a retirada do recoñecemento se fará efectiva se o incumprimento persiste.

3. Así mesmo, en caso de irregularidades na aplicación das medidas determinadas no capítulo III do presente real decreto, na decisión de retirada do recoñecemento valorárase o alcance, a gravidade e a persistencia do incumprimento, a cal, en casos leves, poderá ser substituída por unha sanción administrativa proporcionada que repare o prexuízo causado.

Artigo 6. *Estatutos e control democrático.*

1. As organizacións de produtores do sector do tabaco cru deberán dispor duns estatutos que establezan as súas finalidades e regulen o seu funcionamento, nos termos do artigo 153 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e, en particular, que garantan aos produtores asociados o control democrático da súa organización e das decisións que esta tome.

2. Así mesmo, os estatutos deberán incluír a obrigaón de que os seus membros produtores comercialicen a totalidade da produción de tabaco, preparada segundo normas comúns, a través da organización de produtores.

Artigo 7. *Normas básicas de adhesión.*

1. Un produtor de tabaco cru só poderá pertencer a unha organización de produtores. O período mínimo de adhesión será dun ano.

2. Os estatutos indicarán o órgano competente na organización para decidir acerca das altas e baixas dos membros produtores de tabaco.

3. Así mesmo, deberán incluír disposicións que garantan que os socios produtores que queiran renunciar á súa condición de tales o poidan facer, despois de teren participado, como mínimo, un ano a partir da súa adhesión á organización de produtores, coa condición de que o comuniquen por escrito cunha anticipación mínima dun mes. Estas disposicións aplicaranse sen prexuízo das disposicións legais ou regulamentarias nacionais que teñan por obxecto protexer en determinados casos a organización de produtores ou os seus acredores fronte ás consecuencias financeiras que poidan derivar da perda dun membro, ou impedir a partida dun membro durante o exercicio orzamentario.

Artigo 8. *Asociacións de organizacións de produtores.*

1. Serán recoñecidas como asociacións de organizacións de produtores do sector do tabaco cru todas aquelas entidades constituídas por organizacións de produtores recoñecidas conforme o previsto no presente real decreto, que teñan personalidade xurídica propia, que así o soliciten e que cumpran os requisitos previstos neste real decreto.

2. As asociacións de organizacións de produtores estarán constituídas por iniciativa das organizacións e poderán desempeñar calquera das finalidades das organizacións de produtores recollidas no artigo 3.

3. As disposicións sobre recoñecemento de organizacións de produtores e retirada do recoñecemento, reguladas nos artigos 4 e 5 respectivamente, aplicaranse *mutatis mutandis* ao recoñecemento das asociacións de organizacións de produtores.

Artigo 9. *Rexistro estatal de organizacións e asociacións de organizacións de produtores de tabaco cru.*

1. Créase, adscrito á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Rexistro estatal de organizacións e asociacións de organizacións de produtores de tabaco cru.

2. No devandito rexistro constarán, respecto das entidades así recoñecidas pola citada dirección xeral ou polas comunidades autónomas, a súa denominación, sede social e elementos de contacto.

3. Este rexistro, que se constituirá nunha base de datos informatizada, publicarase a través da páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

CAPÍTULO III

Extensión das normas

Artigo 10. *Parámetros que definen as circunscricións económicas.*

1. As circunscricións económicas de produción e comercialización homoxénea, recollidas no número 2 do artigo 164 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, definiranse mediante os seguintes parámetros:

- a) Grupo ou grupos de variedades de tabaco cru afectadas pola circunscrición.
- b) Condicións de produción e comercialización homoxéneas do grupo ou grupos de variedades de tabaco cru polas cales se establece a circunscrición.
- c) Delimitación xeográfica da circunscrición, definida coa relación dos termos municipais que abrangue.

Artigo 11. *Establecemento de circunscricións económicas.*

1. As solicitudes de establecemento de circunscricións económicas deberán ser presentadas por unha organización ou asociación de organizacións de produtores recoñecida que sexa representativa, e poderán abranguer municipios situados nunha ou en varias comunidades autónomas sempre que se xustifique a homoxeneidade das condicións de produción e comercialización do grupo ou grupos de variedades afectado.

2. Para que unha organización ou asociación de organizacións de produtores se considere representativa dentro da circunscrición económica en que opera, deberá representar, respecto ao grupo ou grupos de variedades afectadas, ao menos:

- a) As dúas terceiras partes do volume de produción total.
- b) E máis do 50 % dos produtores.

3. O establecemento dunha circunscrición económica corresponderá ao órgano competente que ditase a resolución de recoñecemento da organización ou asociación de organizacións de produtores que a solicite, conforme o establecido no número 1 do artigo 4.

4. As solicitudes, acompañadas ao menos da documentación que se indica no anexo IV, presentaranse nos lugares que determinen as comunidades autónomas, cando corresponda a estas a súa resolución, ou no rexistro do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ante a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, cando este sexa o órgano competente para resolver. En todo caso, poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No modelo de solicitude consignaranse as correspondentes advertencias respecto dos datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, cando sexa competente a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, admitirase a presentación electrónica das solicitudes a través da sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

5. O órgano competente:

- a) Elaborará o censo de produtores a que se refire o artigo 12 do presente real decreto. Cando o ámbito xeográfico da circunscrición supere o dunha comunidade

autónoma, o censo elaborárase en colaboración con todas as comunidades autónomas afectadas.

b) Ditará resolución motivada acerca do establecemento ou non da circunscrición, no prazo máximo de seis meses a partir da data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Cando o órgano competente for a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, poderá interperse contra a resolución correspondente recurso de alzada ante o secretario xeral de Agricultura e Alimentación, no prazo máximo dun mes desde a súa notificación ou publicación.

c) No caso de que dependa dunha comunidade autónoma, informará por medios electrónicos o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, de toda decisión relativa ao establecemento ou modificación dunha circunscrición, no prazo máximo dun mes desde a data do acto administrativo correspondente. A información que se debe remitir detállase no anexo V. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente informará, pola súa vez, a Comisión Europea, en cumprimento do artigo 164 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 12. *Censo de produtores que operan nunha circunscrición económica.*

Para efectos de determinar a representatividade dunha organización ou asociación de organizacións de produtores recoñecida, no ámbito dunha circunscrición económica, de acordo co número 2 do artigo 11, o órgano competente para o establecemento dunha circunscrición económica elaborará un censo de produtores que operen nesa circunscrición económica. O censo deberá incluír todos os produtores do grupo ou grupos de variedades para os cales se establece a circunscrición que exerzan a súa actividade no ámbito xeográfico dela.

Artigo 13. *Modificación dunha circunscrición económica establecida.*

Para a modificación dunha circunscrición económica xa establecida, aplicarase o disposto para o seu establecemento no presente real decreto.

Artigo 14. *Extensión de normas en circunscricións económicas.*

1. Unha organización ou asociación de organizacións de produtores recoñecida que sexa considerada representativa na circunscrición económica en que opere, conforme o número 2 do artigo 11 do presente real decreto, poderá solicitar que algúns dos acordos, decisións ou prácticas concertadas pactadas no marco desa entidade sexan obrigatorios para outros operadores, individuais ou agrupados, que operen nesa circunscrición e non pertencen á organización ou asociación, por un período limitado acorde coa finalidade que se persegue.

2. A organización ou asociación de organizacións de produtores que solicite unha extensión de normas deberá dispor dos medios necesarios para velar polo cumprimento das normas que se impoñan no ámbito xeográfico da circunscrición.

3. As normas das cales poderá solicitarse unha extensión a outros operadores deberán ter algún dos obxectivos e axustarse ás condicións establecidas no número 4 do artigo 164 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, en particular no que se refire ao cumprimento da normativa de competencia.

4. As solicitudes de extensión de normas, acompañadas, ao menos, da documentación que se indica no anexo VI, presentaranse ante o órgano competente que ditou a resolución de establecemento da circunscrición económica afectada, conforme o número 3 do artigo 11 do presente real decreto. En todo caso, poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No modelo de solicitude consignaranse as correspondentes advertencias respecto dos datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, cando sexa competente a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, admitirase a presentación electrónica das solicitudes a través da sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

5. O órgano competente:

a) Examinará a solicitude de extensión de normas presentada e comprobará a veracidade da documentación achegada, a representatividade da entidade solicitante, así como a coherencia das normas que se van estender e a súa adecuación ao número 4 do artigo 164 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

b) Ditará resolución motivada declarando ou non a obrigatoriedade das normas para o conxunto dos produtores da circunscrición en cuestión durante o período solicitado, no prazo máximo de seis meses a partir da data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Cando o órgano competente for a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, poderá interporse contra a resolución correspondente recurso de alzada ante o secretario xeral de Agricultura e Alimentación, no prazo máximo dun mes desde a súa notificación ou publicación.

c) No caso de que dependa dunha comunidade autónoma, informará por medios electrónicos o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, de toda decisión relativa á extensión de normas, no prazo máximo dun mes desde a data do acto administrativo correspondente. A información que se debe remitir detállase no número 1 do anexo VII. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente informará, pola súa vez, a Comisión Europea, en cumprimento do artigo 164 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

d) En cumprimento do número 5 do artigo 164 do Regulamento (CE) N.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, porá en coñecemento dos produtores as normas que se impuxesen con carácter obrigatorio, mediante a súa inclusión completa no xornal ou boletín oficial correspondente, no cal se recollerá a información indicada no número 2 do anexo VII.

Artigo 15. *Obrigações da entidade promotora da extensión de normas.*

1. A organización ou asociación de organizacións de produtores recoñecida que promova unha extensión de normas deberá comunicar inmediatamente ao órgano competente calquera modificación que se produza en relación coas condicións vixentes no momento de aprobación da extensión de norma. O órgano competente adoptará as medidas oportunas e, chegado o caso, poderá anular, despois do correspondente procedemento, a extensión de norma aprobada.

2. O control e seguimento do cumprimento dos acordos que sexan obxecto dunha extensión de normas deberán ser realizados pola organización ou asociación de organizacións de produtores recoñecida como promotora daquela a través dun procedemento establecido polos seus órganos de goberno. Así mesmo, poderá denunciar ante os órganos xurisdicionais e administrativos competentes os incumprimentos e as actuacións contrarias á extensión de normas imposta.

Artigo 16. *Coordinación na extensión de normas entre as organizacións de produtores e as súas asociacións e as organizacións interprofesionais.*

Cando na zona afectada por unha circunscrición económica se estea a aplicar unha extensión de norma promovida por unha organización ou asociación de organizacións de produtores, en virtude do artigo 164 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento

Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e do presente real decreto, ou dunha organización interprofesional, de conformidade co citado regulamento ou coa Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, non se poderán autorizar neses ámbitos xeográficos outras extensións de normas que coincidan, sexan contrarias, distorzan ou poidan distorcer a aplicación da que está xa autorizada, durante o período que dure a extensión.

CAPÍTULO IV

Disposicións comúns aos capítulos II e III

Artigo 17. *Acumulación de procedementos administrativos.*

De acordo co artigo 73 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o órgano competente poderá acumular os procedementos de recoñecemento dunha organización ou asociación de organizacións de produtores e/ou de establecemento dunha circunscrición económica e/ou de establecemento dunha extensión de normas nun único acto administrativo.

CAPÍTULO V

Relacións contractuais no sector do tabaco cru

Artigo 18. *Contratación obrigatoria.*

Todas as entregas de tabaco cru que teñan lugar en España entre as fases de produción primaria e de primeira transformación serán obxecto dun contrato por escrito entre as partes, de conformidade co establecido no artigo 168 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no presente capítulo.

Artigo 19. *Requisitos mínimos do contrato.*

1. O contrato deberá subscribirse antes do 31 de marzo de cada ano natural e incluírá, ao menos, o establecido no anexo VIII. Os contratos realizaranse por variedade.
2. Todos os elementos do contrato deberán ser libremente negociados polas partes e coñecidos con anterioridade á sinatura.
3. Toda modificación substancial das condicións do contrato en calquera dos elementos sinalados no anexo VIII deberá ser obxecto dunha cláusula adicional escrita que se anexará ao contrato.
4. Deberanse asinar tres exemplares de cada contrato; unha copia quedará en poder de cada unha das partes asinantes e unha terceira deberá ser enviada pola empresa de primeira transformación ao órgano competente, para o seu rexistro segundo o disposto no artigo 21. As copias dos contratos subscritos deberán ser conservadas, ao menos, durante un período de dous anos após a finalización deste. Estas obrigacións deberán quedar reflectidas no contrato.

Artigo 20. *Excepción para as cooperativas.*

No caso de que un produtor entregue o tabaco cru a unha cooperativa da cal é socio, non será necesaria a formalización por escrito dun contrato individualizado, sempre que os estatutos ou acordos da cooperativa establezan, con carácter previo á entrega do tabaco, disposicións con efectos similares ás recollidas no artigo anterior.

Artigo 21. *Deber de información.*

1. A terceira copia do contrato que se menciona no número 4 do artigo 19 deberá ser remitida pola empresa de primeira transformación, dentro dos quince días hábiles posteriores á data da súa celebración, excepto en caso de forza maior debidamente acreditada:

- a) Ao órgano competente da comunidade autónoma en que teña lugar a primeira transformación do tabaco.
- b) Ou, en caso de primeira transformación fóra do territorio nacional, ao órgano competente da comunidade autónoma en que teña lugar a entrega do tabaco.

2. O disposto no número anterior será de aplicación *mutatis mutandis* ás modificacións contractuais referidas no número 3 do artigo 19, para o cal o prazo establecido de quince días hábiles se contará a partir da subscripción da cláusula adicional.

Artigo 22. *Controis.*

O órgano competente a que se refire o artigo 21 levará a cabo, de acordo cun plan de control anual, controis para verificar o cumprimento do previsto neste capítulo.

CAPÍTULO VI

Comunicación de información

Artigo 23. *Declaración das empresas de primeira transformación.*

O máis tardar o 10 de xullo do ano seguinte ao ano da colleita, as empresas de primeira transformación de tabaco que operen en España remitirán ao órgano competente referido no artigo 21 a seguinte información, desagregada por variedades e grupos de variedades, a que se refire o anexo I:

- a) Cantidade neta entregada en toneladas. As humidades de referencia que se utilizarán para o cálculo serán as recollidas no anexo IX.
- b) Prezo medio, excluídos impostos e taxas, pagado aos agricultores;
- c) Existencias no seu poder, en toneladas, ao final de xuño do ano seguinte ao ano da colleita correspondente;
- d) Superficie en hectáreas contratada polos agricultores.
- e) Número de agricultores que realizaron entregas.

Artigo 24. *Comunicacións das comunidades autónomas.*

1. Respecto á colleita en curso, as comunidades autónomas obterán e comunicarán, por medios electrónicos, ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o máis tardar o 20 de xullo do ano desa colleita, a seguinte información, desagregada por variedades e grupos de variedades a que se refire o anexo I:

- a) Superficie estimada en hectáreas.
- b) Produción estimada en toneladas.

2. Respecto á colleita anterior, as comunidades autónomas obterán e comunicarán, por medios electrónicos, ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o máis tardar o 20 de xullo do ano seguinte ao ano da dita colleita, a seguinte información, desagregada por variedades e grupos de variedades a que se refire o anexo I:

- a) Número de empresas de primeira transformación.
- b) Número de agricultores que realizaron entregas.
- c) Superficie en hectáreas.
- d) Cantidade entregada en toneladas.

- e) Prezo medio, excluídos impostos e taxas, pagado aos agricultores.
- f) Existencias en toneladas, en poder das empresas de primeira transformación, ao final de xuño do ano seguinte ao ano da colleita correspondente.

CAPÍTULO VII

Réxime sancionador

Artigo 25. *Infraccións e sancións.*

As infraccións cometidas contra o disposto neste real decreto serán sancionadas de acordo co establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e, se for o caso, na Lei 38/1994, do 30 de decembro, así como na normativa estatal ou autonómica de aplicación.

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto público.*

A creación do Rexistro previsto no artigo 9 e o seu funcionamento atenderanse cos medios materiais e persoais existentes no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Así mesmo, as medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Agrupacións de produtores de tabaco recoñecidas para a colleita 2014.*

1. De acordo co previsto no artigo 154 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, as agrupacións de produtores de tabaco cru recoñecidas para a colleita 2014, antes do 1 de xaneiro de 2014, que cumpran as condicións mencionadas no artigo 3 e que manifesten ao órgano competente en cada caso a súa intención en tal sentido, serán recoñecidas como organizacións de produtores a partir do 1 de xaneiro de 2015.

2. Cando o órgano competente para o recoñecemento sexa unha comunidade autónoma, esta deberá comunicar á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a lista de agrupacións de produtores de tabaco que fosen recoñecidas como organizacións de produtores de tabaco conforme a alínea c) do número 3 do artigo 4.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

- a) O Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do sector do tabaco cru.
- b) Sen prexuízo da aplicación no que proceda da normativa vixente no momento do nacemento da situación xurídica respectiva, os artigos 48 e 51, e os números I, II e III do anexo IX, do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.
- c) A Orde do 12 de maio de 1993, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, pola que se regula o recoñecemento das agrupacións de produtores de tabaco cru, conforme o artigo 12 do Regulamento (CEE) número 2.075/92 do Consello, do 30 de xuño.
- d) A Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 15 de febreiro de 1994 pola que se crea o Rexistro de Agrupacións de Produtores de Tabaco Cru, recoñecidas de conformidade co Regulamento (CEE) 2.075/1992 do Consello, do 30 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para adaptar ás exixencias derivadas da normativa comunitaria os anexos e as datas e prazos deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2014.

FELIPE R.

A Ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I**Grupos de variedades**

Os grupos de variedades de tabaco cru que se terán en conta, para efectos dos capítulos III e V deste real decreto, son:

1. Grupo I: tabaco curado con aire quente (*flue-cured*): tabaco curado en fornos nos cales a circulación do aire, a temperatura e o grao higrométrico están controlados, en particular Virginia;
2. Grupo II: tabaco rubio curado ao aire (*light air-cured*): tabaco curado ao aire, a cuberto, que non se deixa fermentar, en particular Burley;
3. Grupo III: tabaco negro curado ao aire (*dark air-cured*): tabaco curado ao aire, a cuberto, que se deixa fermentar antes da súa comercialización, en particular Fermented Burley e Havana;
4. Grupo IV: tabaco curado ao lume (*fire-cured*): tabaco curado ao lume, en particular Kentucky.

ANEXO II**Documentación mínima que se deberá presentar para a solicitude de recoñecemento como organización ou asociación de organizacións de produtores de tabaco cru**

1. Autorización expresa ao órgano competente para comprobar os datos mediante consulta ao Sistema de verificación de datos de identidade previsto no número 3 do artigo único do Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes ou, na súa falta, fotocopia compulsada do citado documento.
2. Credencial do representante legal da organización ou asociación de organizacións.
3. Documentación acreditativa da personalidade xurídica da entidade.
4. Relación dos NIF dos titulares das explotacións, con indicación da localización destas.
No caso de que se trate dunha asociación, a citada relación virá diferenciada por cada unha das organizacións de produtores integrantes.
5. Copia autenticada dos estatutos da organización e da acta da asemblea, consello reitor ou de administración, ou outro órgano competente da entidade solicitante, acreditativa da adopción do acordo en que se decide solicitar o recoñecemento como organización ou asociación de organizacións de produtores.
6. Documentación acreditativa dos requisitos referidos no número 4 do artigo 3.

ANEXO III**Información que deberán comunicar as comunidades autónomas ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) acerca da concesión, denegación ou retirada do recoñecemento a unha organización ou asociación de organizacións de produtores**

- A) Concesión de recoñecemento.
- Denominación da organización ou asociación recoñecida e, se for o caso, figura xurídica (SAT, cooperativa, etc.).
 - Número de socios.
 - Superficie que agrupa con indicación da súa localización.
 - Produción comercializable que agrupa.
 - Data da resolución e órgano que a dita.

– Así mesmo, en caso de estimación total ou parcial dun recurso en vía administrativa ou contencioso-administrativa da entidade interesada, información sobre o alcance da estimación.

B) Denegación de recoñecemento:

– Denominación da entidade solicitante.
– Motivo/s da denegación de recoñecemento.
– Data da resolución e órgano que a dita.
– Así mesmo, en caso de estimación total ou parcial dun recurso en vía administrativa ou contencioso-administrativa da entidade interesada, información sobre o alcance da estimación.

C) Retirada de recoñecemento:

– Denominación da organización ou asociación a que se lle retira o recoñecemento
– Motivo/s da retirada de recoñecemento.
– Data da resolución e órgano que a dita.
– Así mesmo, en caso de estimación total ou parcial dun recurso en vía administrativa ou contencioso-administrativa da entidade interesada, información sobre o alcance da estimación.

ANEXO IV

Documentación mínima que se deberá presentar para a solicitude de establecemento dunha circunscrición económica

- a) Datos identificativos da entidade solicitante.
- b) Variedade ou variedades para as cales se solicita o establecemento da circunscrición.
- c) Relación detallada dos termos municipais que abrangería a circunscrición, en soporte papel e soporte informático.
- d) Memoria que xustifique a homoxeneidade da produción e comercialización da variedade ou variedades para as cales se pretende establecer a circunscrición.
- e) Datos do volume de tabaco producido pola organización ou asociación de organizacións e demais información que demostre a representatividade mencionada no número 2 do artigo 11, en soporte de papel e en soporte informático. No caso de que a solicitante sexa unha asociación de organizacións de produtores, esta información presentarase desagregada por organizacións, co mesmo formato para todas, ademais de totalizada.

ANEXO V

Información que deberán comunicar as comunidades autónomas ao MAGRAMA acerca do establecemento de circunscricións económicas

- a) Variedade ou variedades para as cales se establece a circunscrición.
- b) Memoria que xustifique a homoxeneidade da produción e comercialización do grupo ou grupos de variedades para os cales se quere establecer a circunscrición; e a representatividade da organización ou organizacións solicitantes.
- c) Relación detallada dos termos municipais constituíntes da circunscrición, distribuídos por comunidades autónomas, se for o caso.
- d) Mapa en figuren sinalados os termos municipais e a comunidade ou comunidades autónomas que abrangue a circunscrición, no cal se indique o número de produtores e o volume de produción, por comunidade autónoma, se for o caso, do grupo ou grupos de variedades para os cales se establece a circunscrición.
- e) Data da resolución de establecemento da circunscrición e órgano que a dita.

f) Así mesmo, en caso de estimación total ou parcial dun recurso en vía administrativa ou contencioso-administrativa da entidade interesada, información sobre o alcance da estimación.

ANEXO VI

Documentación mínima que se deberá presentar para a solicitude dunha extensión de normas

a) O número e a identificación dos produtores do grupo ou grupos de variedades sobre os cales se desexa estender as normas, que exerzan a súa actividade dentro da circunscrición e que estean asociados á entidade solicitante, referidos ao momento da solicitude.

b) Certificado da acta da asemblea, consello reitor ou de administración, ou outro órgano competente da entidade solicitante, acreditativo da adopción do acordo de solicitude de extensión de normas, que inclúa o texto íntegro daquel. Este acordo deberá recoller o procedemento de control e seguimento do cumprimento da extensión de normas que levará a cabo a entidade.

c) Memoria xustificativa e económica que fundamente a extensión de normas solicitada.

d) As normas que se pretende impor.

e) A data a partir da cal se desexa que sexan impostas as normas e o período de aplicación da extensión.

f) No caso de que o período de aplicación sexa plurianual, o compromiso da entidade de remitir anualmente ao órgano competente a que se refire o número 3 do artigo 11 a información que permita comprobar o cumprimento das condicións de representatividade establecidas no número 2 do artigo 11, durante a vixencia da extensión de normas.

ANEXO VII

Información que deberán comunicar as comunidades autónomas ao MAGRAMA acerca da extensión de normas e información que se deberá facer pública

1. Datos que comunicarán as comunidades autónomas.

a) Grupo ou grupos de variedades afectados pola extensión de normas.

b) Normas impostas.

c) Circunscrición económica afectada, con relación detallada dos termos municipais que inclúe.

d) Certificación do nivel de representatividade da entidade promotora da extensión.

e) Período de vixencia da extensión de normas.

f) Data da resolución e órgano que a dita.

g) Así mesmo, en caso de estimación total ou parcial dun recurso en vía administrativa ou contencioso-administrativa da entidade interesada, información sobre o alcance da estimación.

2. Información que se deberá facer pública.

O órgano competente que establecese unha extensión de norma deberá recoller nunha publicación oficial, ao menos, a información indicada nas alíneas a), b), c), e), f) e g) do número anterior.

ANEXO VIII

Contido mínimo dos contratos de tabaco regulados no artigo 19

Respecto de cada colleita, os contratos de tabaco cru deberán conter, ao menos, os elementos seguintes:

1. A identificación das partes.
2. O lugar preciso da produción do tabaco: provincia, municipio e identificación da parcela de acordo co Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac) regulado polo Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.
3. A superficie da parcela en cuestión, entendéndose por «parcela» a superficie continua do terreo cunha referencia alfanumérica única representada graficamente no Sixpac.
4. A variedade ou variedades de tabaco reguladas polo contrato.
5. O prezo de compra, excluídos impostos e taxas, que se pagará pola entrega, o cal deberá:
 - Ser fixo e figurar no contrato e/ou
 - Calcularse combinando varios factores establecidos no contrato, que poden incluír indicadores de mercado que reflectan os cambios nas condicións do mercado, a cantidade entregada e a calidade ou composición do produto entregado.
6. A cantidade e a calidade que pode ou debe ser entregada e o calendario de entregas.
7. A duración do contrato. Admitirase un contrato de duración indefinida con cláusula de rescisión.
8. As condicións de pagamento: prazos e procedementos. Modalidades de recolla ou entrega.
9. As regras aplicables en caso de forza maior.

ANEXO IX

Humidades de referencia para o cálculo da cantidade neta entregada referida no artigo 23

| Variedade | Grupo de variedades | Grao de humidade de referencia |
|----------------|---------------------|--------------------------------|
| Virginia | I | 16 |
| Burley E..... | II | 20 |
| Burley F..... | III | 22 |
| Havana | III | 22 |
| Kentucky..... | IV | 22 |